



COMUNICADO

Segundo a ORDE do DOG do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vémonos obrigados a cancelar toda actividade docente, como mínimo, durante as próximas tres semanas.

Isto levounos a tomar a decisión de NON CONTINUAR coa actividade docente ata o mes de marzo. Se coma todos agardamos, a situación sanitaria mellora, **as clases reanudaríanse o mércores 3 de marzo para o grupo de adultos, e o sábado 6 de marzo para os grupos infantil e xuvenís.**

Ao longo do mes de febreiro, fixaremos un par de xuntanzas on line para manter aberta unha fiestra de comunicación entre profesorado e alumnado, e comezar a traballar nos eventos de fin de curso. As xuntanzas desenvolveranse en horario lectivo e seranvos comunicadas a través da canle de whatsapp. Achegarásenos unha contraseña para que poidades seguilas desde o voso dispositivo informático.

Xa vos adiantamos que o custo do presente curso para o alumnado axustarase ás horas impartidas presencialmente, procedéndose ao pagamento da matrícula ao longo do mes de maio.

Grazas pola vosa colaboración nestes difíciles momentos. O teatro é o reino da presencialidade. Quizais esta dura pandemia sirva para reconquistalo con ilusión renovada.

Xerencia da Escola Municipal de Artes Escénicas
A Estrada, 27 de xaneiro de 2021